

# TEMA 6.- O MUNDO NA ÉPOCA DE ENTREGUERRAS

**I.- QUE É A ÉPOCA DE ENTREGUERRAS?**

**II.- A ECONOMÍA: DA PROSPERIDADE Á CRISE**

**III.- A CRISE DAS DEMOCRACIAS**

**IV.- OS RÉXIMES POLÍTICOS TOTALITARIOS. CARACTERÍSTICAS COMÚNS**

**V.- O COMUNISMO NA URSS**

**VI.- OS FASCISMOS**



# I.- QUE É A ÉPOCA DE ENTREGUERRAS?

A “**época de entreguerras**” é un dos períodos máis convulsos da Historia contemporánea, que se desenvolveu entre o remate da Primeira Guerra Mundial (1918) e o desencadeamento da Segunda Guerra Mundial (1939).

No escenario posbélico da década de 1920, parecía que se debía iniciar unha etapa de paz, pero, os rancores acumulados na Primeira Guerra Mundial, a gran crise do capitalismo en 1929, as esperanzas revolucionarias que supuxo a Revolución rusa e a aparición dos sistemas políticos totalitarios fixeron inevitable o estoupido dun novo conflito.



? 1.- Que se entende por “**época de entreguerras**”? Que feitos fixeron desta época un período convulso?

## II.- A ECONOMÍA: DA PROSPERIDADE Á CRISE

### A.- OS “FELICES ANOS VINTE”?

Os anos vinte foron unha época de luces e sombras. Nun principio sufriuse unha forte crise económica como consecuencia da guerra, e subsistiron as tensións entre Francia e Alemaña. Pero a partir de 1924 iniciouse un período de **prosperidade económica aparente** e creouse un clima de entendemento entre as potencias que parecía afastar a guerra.




# I.- QUE É A ÉPOCA DE ENTREGUERRAS?

*“O período de entreguerras foi unha época de gran inestabilidade. Como consecuencia da Primeira Guerra Mundial brotaron fortes rancores políticos entre vencedores e vencidos, e graves problemas económicos que se agravaron coa crise de 1929 en Estados Unidos.*

*Ademais, o triunfo da Revolución soviética fixo temer, entre as clases conservadoras, a expansión do comunismo.*

*O resultado foi, en moitos casos, a **aparición de réximes autoritarios e o retroceso da democracia**. Neste contexto xurdiron os movementos fascistas en Italia e o nazismo en Alemaña. A súa política exterior, de carácter agresivo, levou ao mundo cara a Segunda Guerra Mundial”.*

? 1.- Que se entende por “**época de entreguerras**”?  
Que feitos fixeron desta época un período convulso?



## ► A situación en Europa


A readaptación das economías europeas á paz foi longa e difícil debido á destrución provocada pola guerra, á inflación e ao aumento do paro. **A crise foi especialmente forte en Alemaña**, pois tiña que pagar as reparacións de guerra, o que provocou unha espectacular subida dos prezos e unha perda de valor da súa moeda, o marco.

A situación fíxose moi tensa cando Alemaña non puido facer fronte ao pagamento das reparacións de guerra que lle debía a Francia, o que provocaba, á súa vez, que Francia non puidese pagar a débeda que tiña contraído con Estados Unidos durante a guerra. Ante esta situación, o **exército francés ocupou en 1923 a rexión do Rhur**, que era a rexión alemá onde se concentraba a produción de carbón e aceiro.

Para solucionar o problema, unha Conferencia internacional aprobou o **Plan Dawes**, proposto por Estados Unidos en 1924, polo que se fraccionaba o importe das reparacións de guerra que debía Alemaña e se propoñía o fortalecemento do marco a partir de préstamos e investimentos estadounidenses. **Se Alemaña pagaba as reparacións aos aliados, estes, á súa vez, serían capaces de pagar as súas débedas aos Estados Unidos!** A mellora económica a partir de 1924 xerou un ambiente de distensión política que levou a unha sensación de euforia que se transmitiu a todos os ámbitos da vida. Por iso moitos chamáronlle a esta época **felices anos vinte**.



*Nenos alemáns xogando con fardos de billetes de marcos que practicamente non valían nada.*



## ► A hexemonía de Estados Unidos

As dificultades de recuperación en Europa aceleraron a supremacía de Estados Unidos, que durante a década de 1920 pasou a ser a **primeira potencia económica** mundial. A gran competitividade da súa economía converteu ao país no primer produtor e exportador mundial, mentres que a súa dispoñibilidade de capital lle permitiu ser o primeiro investidor mundial en substitución de Gran Bretaña. **As bases desa prosperidade económica foron:**



- O **desenvolvemento da industria**, posible grazas aos novos sistemas de produción en cadea, que permitían fabricar en masa artigos como automóbiles, electrodomésticos e outros bens.
- O **incremento do consumo**, debido á publicidade e ás facilidades de compra proporcionadas pola venda a prazos e os créditos bancarios.
- Os **investimentos en bolsa** convertéronse nunha forma rápida de conseguir beneficios para os particulares, as empresas e os bancos. Todos eles investiron o seu diñeiro na compra de accións, facendo subir o seu prezo sen parar.

*A prosperidade deste período fomentou a confianza no sistema capitalista, que permitira aumentar o nivel de vida e gozar de bens e servizos. Tamén desembocou nun modo de vida frívolo, caracterizado polo gusto pola moda e a música popular, os bailes aloucados (jazz, charleston), os espectáculos (cine, cabaré, teatro)...*



- ? 2.- Como **evolucionou** a economía europea tras a IGM?
- o 3.- Que **factores** converteron a EEUU na primeira potencia mundial?

## II.- A ECONOMÍA: DA PROSPERIDADE Á CRISE

### A.- OS “FELICES ANOS VINTE”?

? 2.- Como **evoluciona** a economía europea tras a IGM?

A guerra tivo graves efectos sobre a economía mundial, debilitando especialmente aos contendentes europeos, ao afectar negativamente á súa poboación, ás súas infraestruturas e á súa produción agrícola e industrial. **Os Estados europeos recorreron a créditos exteriores**, especialmente de orixe estadounidense, para financiar o gasto da guerra, o que provocou o seu endebedamento. **Os prezos dos produtos de primeira necesidade aumentaron** ata multiplicarse por tres e as moedas dos distintos países sufriron un proceso de perda de valor, feito que sufriu especialmente Alemaña, onde a emisión de papel moeda provocou un grande aumento da inflación.

**O derrumbamento da economía alemá** e a dificultade para pagar as reparacións de guerra establecidas polo Tratado de Versalles obrigaron a flexibilizar as condicións de pago. O **Plan Dawes** respondía aos intereses de EEUU para recuperar a economía alemá, para que esta lle puidese pagar as reparacións aos aliados e estes, asemade, satisfacer as débedas contraídas co país americano.

*A devaluación da moeda alemá tras a guerra foi tal que en 1923 un dólar equivalía a un millón de marcos alemáns. Unha libra de pan costaba 3000 millóns de marcos, unha libra de carne 36000 millóns. Era máis barato queimar diñeiro que madeira ou cubrir as paredes con billetes que usar papel!!!*



### 3.- Que factores converteron a EEUU na primeira potencia mundial?

*A Primeira Guerra Mundial enriqueceu aos Estados Unidos, ao converter ao país na fábrica e máis na despensa dos países belixerantes aliados. Ao rematar o conflito, EEUU producía grandes cantidades de aceiro e cereais, a súa produción industrial representaba case o 45% do total mundial. Os seus produtos invadían todos os mercados dominados antes polas industrias europeas. Ademais, o resto do mundo estaba endebedado co país norteamericano como consecuencia dos empréstimos de guerra.*


*A década de 1920 foi de auxe e prosperidade, ao longo dos “felices anos vinte” o modo de vida americano (american way of life) e os valores que o sustentaban (a iniciativa, o esforzo individual e o éxito), que prometían enriquecemento e benestar aos seus cidadáns, convertéronse en modelo para todo o mundo. Os Estados Unidos eran o “paraíso” que soñaban alcanzar millóns de emigrantes de todo o mundo.*

*A expansión de EEUU baseouse nunha profunda transformación no proceso de produción de bens, dominado pola innovación técnica e a **produción en cadea**, que permitía incrementar a produtividade e reducir custos. Por outro lado, o aumento dos salarios dos obreiros, as campañas publicitarias, a compra a prazos e os préstamos bancarios abriron o camiño á era do **consumo de masas**.*




Hai algúns anos, un coche era considerado un obxecto de luxo. Na actualidade, a ambición de cada home é ter un coche. Un coche é a mostra máis evidente de boa posición social. Dade a opción de escoller entre unha mansión elegante sen coche e outra modesta, pero con coche, e gañará a segunda. Non só os ricos, senón tamén os obreiros (carpinteiros, albaneis, electricistas...) desexan ter un coche... Mesmo a miña lavandeira vén a traballar en automóbil.

W. Ashdowa (banqueiro) en “Atlantic Monthly”, 1925



A prosperidade reflexouse nun auxe da Bolsa. A boa marcha dos negocios propiciou un **incremento dos valores das empresas na Bolsa de Nova York** e, desde 1925, as cotizacións de Wall Street non deixaron de subir, polo que moitos norteamericanos investiron os seus aforros ou solicitaron créditos para comprar accións (confiaban en poder vendelas máis caras e así obter beneficios e devolver o crédito); tamén o fixeron os grandes homes de negocios e as sociedades empresariais. A gran demanda de accións fixo subir o seu valor. Foi unha tolemia xeral e parecía como se o progreso e máis o benestar fosen ilimitados!!

**Especular:** mercar calquera tipo de ben que se supón que vai a subir de prezo, para logo vendelo e obter beneficios.





## B.- CAUSAS DA CRISE DE 1929. O “CRAC” DA BOLSA DE NOVA YORK

A aparente prosperidade económica que se vivía nos anos vinte en realidade ocultaba unha serie de síntomas que se converteron nas causas da crise económica mundial sufrida partir de 1929.



### ► As causas da crise

- Durante a IGM, a agricultura e a industria estadounidenses aumentaron sen descanso a súa produción para abastecer aos países belixerantes. Pero, ao finalizar a contenda, estes reduciron a demanda e algúns puxeron en práctica políticas proteccionistas, o que orixinou a acumulación de **stocks** de produtos agrícolas e industriais sen vender. Con iso, o seu prezo baixou, e as empresas comezaron a sufrir importantes perdas.

- En pouco tempo a **sobreproducción** comezou a ser un problema. Moitos agricultores arruinados venderon as súas terras e emigraron ás cidades. Por outro lado, tamén os obreiros perderon capacidade adquisitiva, os salarios baixaron á par que se acumulaban os stocks e sobre as empresas “voaba” a ameaza da quebra.

- Como xa se comentou anteriormente, o continuo ascenso do valor das accións fixo que moitos investidores se endebedasen para investir en Bolsa, convencidos de que poderían devolver os créditos vendendo unha parte das súas accións. Pero non eran conscientes de que **o que facía subir o valor das accións era a demanda das mesmas e non a situación real das empresas e a economía.**

? 4.- Fai un esquema das **causas** que levaron á crise de 1929.




## ► O crac da Bolsa de Nova York

- Ante o convencemento de que as accións non podían subir de maneira indefinida, algúns investidores comezaron a poñer as súas accións á venda coa esperanza de seguir obtendo bos beneficios. Fronte á masiva oferta de títulos, **as cotizacións comezaron a baixar, provocando un efecto en cadea que fixo incrementar aínda máis o número de accións á venda.**

- No chamado **Xoves Negro**, o 24 de outubro de 1929, o **pánico** apoderouse dos investidores. Foi o **crac da Bolsa de Nova York**. A partir daquela, a euforia por mercar o antes posible para gañar máis deu paso á necesidade de vender canto antes para perder o menos posible.

- Moitos bancos esixiron aos seus clientes o pagamento dos préstamos, forzando así as vendas a calquera prezo, pero non existían compradores. Noutros casos os cidadáns acudiron aos bancos para retirar o seu diñeiro, pero estes non tiñan fondos suficientes e pecharon. Como consecuencia, **todo o sistema económico se colapsou e a crise estendeuse á industria, ao comercio e á agricultura**, pois os consumidores reduciron as súas compras, as empresas baixaron a súa produción ou pecharon, condenando ao paro a miles de obreiros.



? 5.- Explica o proceso que levou á **quebra** da Bolsa.



# B.- CAUSAS DA CRISE DE 1929. O "CRAC" DA BOLSA DE NOVA YORK

- ? 4.- Fai un esquema das **causas** que levaron á crise de 1929.
- 5.- Explica o proceso que levou á **quebra** da Bolsa.




*“O mercado seguiu subindo e subindo. O máis sorprendente do mercado en 1929, era que ninguén vendía unha soa acción. A xente compraba sen parar (...). Lamentaba desprenderme de calquera acción, pois estaba seguro de que ían dobrar o seu valor en poucos meses (...). O fontaneiro, o carnicero, o panadeiro, o home do xeo, todos anhelantes de facerse ricos, botaban os seus mesquiños salarios -e en moitos casos, os seus aforros de toda a vida- en Wall Street (...)”.*

Groucho Marx, *Groucho y yo*. Barcelona, Tusquets Editores, 1980.

*“Un bo día o mercado comezou a vacilar. Algúns dos clientes máis nerviosos foron presa do pánico e empezaron a vender (...); ao principio as vendas facíanse ordenadamente, pero pronto o pánico botou a un lado o bo xuízo e todos empezaron a lanzar á area os seus valores (...) e os axentes empezaron a vender accións a calquera prezo (...). Logo, un día, Wall Street deuse por vencido e derrubouse. Iso da toalla é unha frase adecuada porque para entón todo o país estaba chorando”.*

Groucho Marx, *Groucho y yo*. Barcelona, Tusquets Editores, 1980.


*Cola de parados*



## C.- CONSECUCENCIAS DA CRISE. A GRAN DEPRESIÓN

### ► A quebra da Bolsa provocou unha **crise xeral en Estados Unidos**.

Numerosos bancos quebraron, xa que investiran os seus fondos en comprar accións ou en conceder créditos para adquirilas. Moitas industrias e moitos agricultores arruináronse ante o descenso do consumo e das vendas e a falta de créditos. O comercio exterior reduciuse ao xeneralizarse o proteccionismo. Millóns de persoas perderon o seu traballo e os seus aforros. O número de parados aumentou a 13 millóns en 1932, e multitude de familias caeron na miseria e tiveron que recorrer ás axudas públicas.



► Entre 1930 e 1931, **a crise difundiuse desde EEUU ao resto do mundo**, afectando a Europa e os países asiáticos e latinomaericanos. Transformouse así nunha crise total, a **Gran Depresión**, unha das maiores crises económicas da Historia.

*“Nai emigrante” 1936, da fotógrafa Dorothea Lange é unha das imaxes máis icónicas da Gran Depresión.*

A crise estedeuse rapidamente a escala mundial por dous motivos:

- **Estados Unidos adoptou fortes medidas proteccionistas para reducir as súas importacións**, o que levou á crise aos países que lles subministraban materias primas, en especial os países latinoamericanos.



- **A Banca estadounidense empezou a repatriar os capitais prestados** a través do *Plan Dawes*, o que fixo que a crise se estendese por Europa, en particular en Alemaña e Austria.




? 6.- Por que a quebra da bolsa provocou unha **crise xeneralizada** en EEUU?

7.- Por que motivos se **estendeu a crise ao resto do mundo**?


FORMACIÓN DA BURBULLA



ESTALIDO DA BURBULLA



CRISE ECONÓMICA



*Unha vítima do crac bolsista intenta vender o seu coche a prezo de saldo.*



*Familia desafiuzada coas súas pertenzas na rúa.*

*Reparto de alimentos entre persoas necesitadas.*



## D.- AS PROPOSTAS DE SOLUCIÓN

Ante a expansión da crise, tanto Estados Unidos como a maioría dos países europeos adoptaron medidas para paliar os seus efectos e propiciar a recuperación da economía.

► Algúns países promoveron a **autarquía** ou autosuficiencia económica, explotando os recursos propios e comprando ao exterior o menos posible.

► A maioría adoptou as ideas do economista británico **John Maynard Keynes**, consistentes en estimular o investimento, o emprego e o consumo mediante a **intervención do Estado na economía**, o que supoñía abandonar o capitalismo liberal.

► O Presidente de Estados Unidos, **Franklin D. Roosevelt**, puxo en marcha a partir de 1933 unha nova política denominada **New Deal** (*Novo Acordo*), un programa baseado nas ideas keynesianas, que defendía a **intervención do Estado na economía** para superar a depresión e paliar os seus efectos sociais. Entre as medidas tomadas destaca o control dos bancos, obrigándoos a conceder créditos a baixo xuro; as subvencións á agricultura e á industria para diminuír a produción, eliminar os stocks e lograr así a recuperación dos prezos; para loitar contra o paro promoveu a creación de obras públicas (estradas, embalses...); tamén se incentivou o aumento salarial, que permitiría aumentar o consumo e a demanda; reduciuse a xornada laboral a 40 horas semanais; creáronse seguros de desemprego e subvencións ou axudas ás persoas dependentes...



*Cartel publicitario de apoio aos proxectos públicos de emprego do New Deal.*


? 8.- Que foi o **New Deal**? Que **políticas** aplicou e con que **obxectivo**?




# D.- AS PROPOSTAS DE SOLUCIÓN



8.- Que foi o **New Deal**? Que **políticas** aplicou e con que **obxectivo**?



## LOS MECANISMOS DE ACTUACIÓN DEL KEYNESIANISMO



*ECONOMÍA KEYNESIANA*



*Se non ten nada que facer,  
rompa o cristal e varra os anacos.*



*(...) O noso labor prioritario é facer que a xente volva a traballar. Isto pódese conseguir mediante un recrutamento directo por parte do Goberno. (...) Podemos facilitar a realización deste obxectivo aumentando o prezo dos produtos agrícolas e, con estes, a capacidade adquisitiva dos agricultores. (...)*

*Tamén precisaremos levar a cabo tres medidas destinadas a previr un retorno aos malos tempos pasados: terá que haber unha estreita vixilancia de todas as actividades bancarias, financeiras e de investimentos; haberá que limitar as actividades dos que especulan co diñeiro dos demais; haberá que asegurarse de que a nosa divisa sexa a un tempo adecuada e saneada. (...)*

Primeiro discurso de Franklin D. Roosevelt, 1923



**NEW DEAL**

Unha boa parte dos empresarios e do partido republicano no Congreso non foi favorable ás propostas de Roosevelt e **criticou o intervencionismo do Estado**, que decretaba normas, fixaba prezos e regulaba salarios. O retraemento dos empresarios implicou que os investimentos privados fosen máis escasos do esperado.

Hoxe aínda se discute sobre o efecto real do New Deal. Se ben pódese afirmar que contribuíu á **estabilización da economía**, non logrou unha nova etapa de crecemento. En 1939, a renda nacional non recuperara os niveis de 1929 e había 9,5 millóns de parados. A **recuperación chegaría co inicio dunha nova guerra en Europa**, que incentivou o desenvolvemento da industria de armamentos e o papel de EEUU como provedor dos aliados europeos.

